

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 8 de xullo de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte minutos do día oito de xullo de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(709).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(710).- PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CONSOLIDACIÓN DE CIMENTACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS. EXPTE. 10235/255

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención Xeral do 04/07/14, e o informe-proposta do 07/07/2014, do xefe do servizo de Medio Ambiente, conformado pola concelleira-delegada de área;

Primeiro.- Aprobar o “Proxecto básico e de execución de consolidación de cimentación de nichos no cemiterio de Teis do Concello de Vigo”, que inclúe estudo básico de seguridade e saúde, redactado polos arquitectos municipais da Oficina de Obras e Proxectos da Xerencia Municipal de Urbanismo, David Carvajal Rodríguez-

Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, en data en data 23/10/2013, anexo aclaratorio de data 07/07/2014, cun orzamento xeral ou de contrata de 116.408,72 euros, para a súa posterior contratación da execución obra na forma legalmente prevista, nomeando como técnicos directores da obra aos citados arquitectos municipais.

Segundo.- Notificar este acordo aos titulares de dereitos afectados pola obra informándolle que, consonte os artigos 116.1, 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, contra o acordo poderán interpoñer o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, perante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a contar desde o seguinte ó da súa notificación ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa.

No caso de interpoñer o recurso potestativo de reposición, deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes, entendéndose desestimado polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo daquela os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición interposto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

rs.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.